



Charlas de sensibilización

Actividades para ESO,BAC,FP,PCPI

Os grupos de idade que abranguen estas dúas etapas educativas, secundaria e formación profesional, comprenden aqueles considerados polas estatísticas como **"grupos de risco"**. Tendo en conta os aspectos psicolóxicos e características desta idade: etapa de autoafirmación, inestabilidade emocional, exhibicionismo, pouca experiencia na conducción de ciclomotores, gran capacidade para asumir riscos sobre todo condicionados por estímulos externos como o grupo de amigos... a nosa intervención vai dirixida a conciencialos na evitación destas condutas de risco. Por iso, centrámonos principalmente na transmisión de valores de prudencia, protección e convivencia dende o respecto á normativa e aos demais.

Consideramos prioritario na nosa formación, ensinalos a reflexionar sobre as consecuencias de condutas imprudentes coa finalidade de sensibilizalos sobre a realidade que supoñen os accidentes de tráfico e, deste xeito, que heguen a asumir compromisos de comportamentos viais axeitados.

O noso discurso nestas idades vai na liña de relacionar a conduta cívica e a conduta vial. Tal e como o aseveran estudos psicolóxicos. É dicir, quen ten unha conduta cívica en todos os ámbitos da convivencia: no barrio, cos veciños, á hora de respectar as ordenanzas de limpeza, de horarios,...estos estudos refutan que a debandita conduta correlaciona coa conduta vial, e polo tanto, isto tradúcese nunha redución significativa da sinestralidade neste grupo de poboación. Deste xeito, nas nosas clases de educación vial tratamos tamén temas como o botellón e a transcendencia que determinadas condutas como os estragos no mobiliario público e privado ten con respecto ao resto da poboación.

OBXECTIVOS:

- Coñecer o ámbito físico de A Coruña en relación co tráfico.
- Asumir a responsabilidade das condutas negligentes no tráfico e as súas consecuencias.
- Percibir o risco que entraña a conducción dun vehículo: bicicleta ou ciclomotor.
- Valorar a importancia da vida propia e a dos demais.
- Valorar o traballo policial como necesario para conseguir unha maior seguridade vial.



ACTIVIDADES:

- Exposición e debate sobre sentenzas xudiciais por delitos contra a seguridade do tráfico.
- Visualización dun power point de elaboración propia no que se relaciona a conduta cívica coa conduta vial.
- Visualización e debate posterior dun vídeo elaborado pola Policía Local da Coruña: "Accidentes de tráfico 2003".

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 1 horas.

RECURSOS:

- Ordenador con proxector e reprodutor de vídeo.
- Pasador de diapositivas.